

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA – 061, AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO CONCESIONARIA ESPAÑOLA S.A. (AUDASA), AUTOESTRADAS DE GALICIA, C.X.G., S.A E DIVERSAS EMPRESAS, PARA FACILITAR O TRÁNSITO DE AMBULANCIAS ASISTENCIAIS A TRAVÉS DAS AUTOESTRADAS DE PEAXE: AUTOESTRADA DO ATLÁNTICO (AP-9), A CORUÑA – CARBALLO (AG-55) E PUXEIROS – VAL MIÑOR (AG-57)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 formalizou coas entidades Autopistas del Atlántico Concesionaria Española S.A. (Audasa), Autoestradas de Galicia, C.X.G., S.A e diversas empresas de ambulancias, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue ata a finalización dos contratos administrativos formalizados entre aquela fundación e as distintas empresas de servizos de ambulancias, o que se producirá previsiblemente (agás prórroga) en datas 15 e 22 de outubro e 30 de novembro de 2023, segundo os contratos asinados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións que permitan facilitar o tránsito de ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado e básico adscritas á prestación do servizo de transporte sanitario urxente nas áreas de A Coruña, Baixo Miño, Barbanza-Muros, Bergantiños-Costa da Morte, Caldelas-Limia, Ferrol, Lugo, Mariña Lucense, Ourense, Pontevedra, Salnés, Santiago, Valdeorras-Verín-Lemos e Vigo, polas autoestradas de peaxe AP-9, AG-55 e AG-57, xestionadas polas empresas concesionarias asinantes do presente convenio. A finalidade do convenio é establecer os procedementos de actuación para axilizar e simplificar os trámites e a xestión do paso por peaxes de autoestrada dos vehículos de ambulancia que en cada momento dispoñan as empresas, para garantir o correcto funcionamento do servizo de transporte sanitario urxente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é unha fundación pública de interese galego, sen ánimo de lucro, que posúe personalidade xurídica propia e que ten entre outros os fins a xestión e coordinación das demandas de asistencia sanitaria en casos de emerxencia ou urxencia extrahospitalaria, así como a xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente. Para o cumprimento dos seus fins e, en concreto, para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre mediante ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado e básico nas áreas citadas no segundo parágrafo, a fundación ten formalizados un total de 14 contratos con empresas de ambulancias.

Pola súa banda, AUDASA e AUTOESTRADAS DE GALICIA CXG son titulares das concesións administrativas para a construción, conservación e explotación das autoestradas de peaxe AP-9 e AG-55 e AG-57, respectivamente.

Ao obxecto de dar resposta á necesidade de atravesar os controis de acceso das autoestradas de peaxe galegas cando o dito tránsito responda a necesidades específicas, debe terse en conta o indicado no artigo 23 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas, así como o Acordo adoptado polo Consejo de Ministros en data 24.08.2018, de interpretación dos contratos de concesión de autoestradas de peaxe adxudicadas con anterioridade á entrada en vigor da citada lei, como ocorre no caso que nos ocupa. Segundo sinala o citado acordo:

“El artículo 23 de la Ley 37/2015, de 29 de septiembre, de carreteras, se aplicará en todas las autopistas de peaje dependientes de este Ministerio, sin excepción, teniendo en cuenta la siguiente interpretación:

(...)

Asimismo no tendrán la obligación de abonar peaje los vehículos al servicio de las Autoridades Judiciales, de emergencia o Protección Civil, las ambulancias, ni los de la propia explotación e inspección de carreteras, ni los de la explotación y conservación de equipamiento para la gestión, control y vigilancia del tráfico, cuando estén cumpliendo sus respectivas funciones específicas, lo que deberá siempre justificarse documentalmente, salvo cuando las funciones se desarrollen en la propia vía”.

No presente instrumento recóllense pois as condicións baixo as que as empresas do servizo de transporte sanitario urxente poderán beneficiarse da devandita exención do peaxe, así como as obrigas e dereitos das partes afectadas, especificándose que a FPUSG 061 emitirá, tal e como se acordou en xuntanzas previas, un certificado dos vehículos adscritos á prestación do devandito servizo.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

